



Obxecto:	Segunda resposta do promotor sobre Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto de Interese Autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque eólico Serra do Farelo
Concellos:	Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo)
Promotor:	AV Serra do Farelo S.L.
Remitido:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
Clave:	IN661A DXIEM-01/11
Expte.:	03.I.398.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 18.07.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito da xefa do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación; polo que se deu traslado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante, DXPC), a documentación presentada pola entidade promotora en reposta ao informe da DXPC, de data 12.05.2022, relativo ao EslA e o PIA do Parque eólico Serra do Farelo. O documento achegado está asinado polo representante da promotora.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 12.05.2022 a DXPC emitiu un informe favorable dos documentos "Parque Eólico Serra do Farelo. Estudio de Impacto ambiental. Marzo 2021" e "Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Serra do Farelo. Marzo 2021", completando a documentación e tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Deberase completar o inventario ambiental, no que se recollerán todos os bens pertencentes ó patrimonio cultural que existan dentro da poligonal, incluíndo o Castro de Ludeiro de Abaixo GA27003096, os Petróglifos 1 e 2 de Pena dos Chaos GA27003021 e GA27003073, Petróglifo do Depósito GA27003068, Petróglifo de San Martiño de Carrasco GA27003069.
- En relación co impacto sobre o patrimonio cultural, o EslA debe completarse con planimetría cuxa definición permita identificar axeitadamente todos os elementos do patrimonio cultural recollidos no Estudo de impacto arqueolóxico así como todos os presentes na poligonal e os seus contornos de protección que deberán definirse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Aportaranse planos de detalle e a unha escala axeitada das zonas concretas obxecto de cautela arqueolóxica.
- Deberase levar a cabo unha intervención arqueolóxica de sondaxes valorativas manuais que se tiña contemplada na Avaliación de Impacto cultural do ano 2011.
- Para a realización das sondaxes presentárase un proxecto arqueolóxico para a súa autorización, axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
- Deberanse cumprir as medidas correctoras propostas no EIPC.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse un documento no que se concrete a ruta de acceso que finalmente se elixa e se detallen as actuacións concretas a realizar nos camiños que se empreguen (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc), identificando os bens do patrimonio cultural que se poidan ver afectados e os tramos nos que existan muros e peches tradicionais, bens arqueolóxicos ou etnográficos (cruceiros, hórreos, muíños...). Nese documento valorarase a posible afección aos elementos do patrimonio cultural e os seus contornos e se detallarán as medidas protectoras e correctoras necesarias para salvagardar o patrimonio cultural. Avaliarase o impacto que poidan xerar os accesos ao parque dende a rede de estradas xerais ou o impacto que poda ocasionar a solución de evacuación de enerxía. A avaliación do Impacto dos accesos terá en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan básico autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).





- Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
 - Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
 - Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser continua e presencial no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro que poda aparecer durante o transcurso das obras.
 - Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
 - Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
 - Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais.
- Respecto ao Proxecto de Interese Autonómico
- Deberase incorporar a fe de erratas incluída na resposta do promotor e contemplar na planimetría e no texto todos os bens presentes na poligonal do parque eólico, así como os seus contornos de protección. Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018).*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Lei 1/2021, de 8 de enero, de ordenación del territorio de Galicia. (DOG del 14/01/2021).*
- *Lei 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia (D.O.G. del 19/02/2016)*
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm. 126 do 04.07.2022)*

Esta segunda resposta do promotor contén un documento no que a sociedade AV Serra do Farelo SL mostra a súa conformidade co informe emitido pola DXPC e indica o seguinte:

- Respecto á necesidade de completar o inventario ambiental, achega unha addenda ao estudo de impacto sobre o patrimonio cultural (EIPC) -nomeada "Documentación complementaria al Estudio sobre el Patrimonio Cultural. Junio 2022"-, no que se recolle a listaxe correspondente, e se inclúe un reflexo cartográfico destes bens.





- No que atinxe á necesidade de completar o EsIA coa achega de planos de detalle a unha escala adecuada que permita a correcta identificación de todos os elementos do patrimonio cultural presentes na poligonal, na devandita addenda inclúese un plano a escala 1:2.500 no que se reflicte a planta da solución que se propón desenvolver, a localización dos bens e as súas áreas de cautela, a localización dos balizados e da área que será obxecto da actuación de sondaxes arqueolóxicas valorativas manuais.

Por tanto, inclúese a información que lle fora requirida no informe da DXPC e se asumen todos os condicionados indicados por esta dirección xeral.

Por outra banda, tras realizar unha revisión dos modelados do terreo e planos de pendentes, así como da serie histórica da fotografía aérea, os servizos técnicos deste departamento detectaron varios avultamentos na poligonal do parque eólico que semellan corresponderse con xacementos tumulares, e que non se verían afectados polas obras. Localízanse nas seguintes coordenadas UTM:

Tipo de elemento	UTM X	UTM Y
Posible Túmulo 1	585.664	4.736.631
Posible Túmulo 2	586.611	4.737.098
Posible Túmulo 3	582.734	4.737.324

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver o informe técnico e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

A nova documentación complementaria presentada pola entidade promotora dá conta aos requirimentos do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 12.05.2022 e asume os condicionados incluídos de devandito informe. Por tanto, emítese un **informe favorable** dos documentos "Parque Eólico Serra do Farelo. Estudio de Impacto ambiental. Marzo 2021" e "Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Serra do Farelo. Marzo 2021", co cumprimento das medidas protectoras e correctoras incluídas no EsIA e a documentación complementaria deste, así como das demais consideracións e condicións indicadas nos informes da DXPC. Neste senso indícase o seguinte:

- Para realizar a medida protectora de sondaxes arqueolóxicas valorativas indicadas terá que presentarse un proxecto arqueolóxico para a súa autorización, axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse un documento no que se concrete a ruta de acceso que finalmente se elixa e no que se detallen as actuacións concretas a realizar nos camiños que se empreguen (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc), identificando os bens do patrimonio cultural que se poidan ver afectados e os tramos nos que existan muros e peches tradicionais, bens arqueolóxicos ou etnográficos (cruceiros, hórreos, muíños...). Nese documento valorarase a posible afección aos elementos do patrimonio cultural e os seus contornos e se detallarán as medidas protectoras e correctoras necesarias para salvagardar o patrimonio cultural. Avaliarase o impacto que podan xerar ós accesos ó parque dende a rede de estradas xerais ou o impacto que poda ocasionar a solución de evacuación de enerxía. A avaliación do Impacto dos accesos terá en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan básico autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).





- Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997). No devandito proxecto recolleranse todas as medidas protectoras e correctoras xerais e específicas establecidas no EsIA e documentación complementaria deste, e mais as derivadas das consideracións que se fan no presente informe.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar apareladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser continua e presencial no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro que poda aparecer durante o transcurso das obras.
- Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos.
- No marco do control e seguimento arqueolóxico das obras deberán de revisarse en campo os posibles novos xacementos tumulares situados dentro da poligonal do parque eólico e, de ser o caso, catalogalos e presentar as fichas normativizadas correspondentes. Localízanse nas seguintes UTM's (ETRS89 Zone 29):

▪ Posible Túmulo 1	585.664	4.736.631
▪ Posible Túmulo 2	586.611	4.737.098
▪ Posible Túmulo 3	582.734	4.737.324
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais.
- Calquera modificación terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Respecto ao Proxecto de Interese Autonómico

- Deberase incorporar e contemplar na planimetría e no texto deste proxecto todos os bens presentes na poligonal do parque eólico, así como os seus contornos de protección, as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no EsIA, para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos existentes e contrastados. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- De ser o caso, os concellos afectados deberán integrar os novos xacementos arqueolóxicos identificados e contrastados nos seus catálogos urbanísticos de protección, e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.





Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

